

## Dalgús datos novos da toponimia del occidente d’Asturias

XOSÉ MIGUEL SUÁREZ FERNÁNDEZ

Condo se fala de recuperar a toponimia tradicional asturiana tase falando de muitas cuestións. Y é qu’a cousa ten os sous veres.

Primeiro, tase falando de reponer a forma popular d’us topónimos que, en palabras del profesor José Manuel González<sup>1</sup>, muitas veces tán vistidos cúa roupa da fonética castellana. Pero nun é sólo eso. Nun é, por poñer un caso, recuperar a fonética autóctona de **Teixóis** tapada pola forma oficial “Teijois”, senón que tamén se quer recuperar el artículo que ye falta (**Os Teixóis**) y qu’a zuna administrativa empéñase sempre en quitar non sólo neste senón en muitos dos topónimos.

Al cabo, nun é cuestión sólo de qu’a toponimia tradicional nun rinche a os ouguidos y la amañemos namáis condo nun concuaye cúa fala, neste caso, gallego–asturiana: reponer el fonema /j/ (**Poxos** por “Pojos”), os diptongos decrecentes *ei, ou* (**As Figueiras** por “Figueras”, **Oumente** por “Omente”), el adiptongación (**Casarego** por “Casariego”, **Fontes** por “Fuentes”), el *-n-* < *-nn-* (**Penafonte** por “Peñafuente”), os artículos *a, as, os* (**Os Mazos** por “Los Mazos”), a cayida del *-n-* intervocálica (**Sarandías** por “Serandinas”), el *l* ou el *ll* —según a zona— resultao de *l-* y *-ll-* llatinas (**Villarpedre** por “Villarpedre”, **Llago** por “Lago”), etc. Non, del que se trata —pensamos nosoutros— é de recuperalla dafeito, de dar carta de naturaleza ás formas qu’usan ou usaron os miyores falantes, ás formas que tiveron acantuadas pola presión da toponimia oficial acastellanada.

---

<sup>1</sup> J. M. González, “Temas de toponimia asturiana”, *Archivum*, XXI, Uviéu, 1971, p. 122.

Pode haber quen pense que, desde se recobren as formas máis destrozadas, as que nun casan cos trazos máis característicos del sistema llingüístico local, nun merez a pena meterse en amarregas por se un topónimo é con *a* ou con *e*. Claro ta qu'habría que fer notar qu'as amarregas nun son propiamente llingüísticas senón que se dan nel plano político, quere se dicir, al fer política de normalización llingüística. Condo un Conceyo toma el detremino de poñer os lletreiros de carretera cuas formas toponímicas tradicionais y os políticos se meten a llingüistas valorando os datos que brinda el investigador ou el especialista, é condo saltan as mochicas. Pero eso —volvemos alló— xa nun é cuestión del investigador que fai el trabayo de campo. Os datos tán ei á disposición dos que fain a política llingüística. É responsabilidad d'ellos se recuperan todos os topónimos tradicionais ou namáis os que yes pinten miyor, os menos polémicos ou os qu'el conceyal ou alcalde de turno confirmen que tein ouguido dacondo<sup>2</sup>.

Nosoutros pensamos qu'a recuperación da toponimia tradicional tense que fer d'un xeito integral, recuperando as formas tidas como máis puras —en frase tópica “como las dicían os antigos”, anque despóis comprobemos qu'einda las usan os mesmos que las poin como d'hai cen ou douscentos anos— sin medo a os prexucios dos ouguidos refinaos.

Como científicamente nun é defendible poñer perós estéticos ás formas tradicionais —an-

---

<sup>2</sup> Un caso qu'exemplifica esto é el del Conceyo de Tapia. Hai poucos anos, nun xesto qu'honra á corporación, tomouse el detremino de sinalizar os barrios de Tapia respetando as formas tradicionais. Nun sabemos cuáles foron as fontes d'información pra poñer os topónimos correutos (supoñemos que foi el coñecemento personal dos xestores municipais, todos ellos falantes habituales del gallego-asturiano de Tapia). El caso é qu'ei tán os lletreiros: **Xinzo, El Cascayal, A Corredoira...** pero “San Blas” y “San Esteban”, condo as formas tradicionais son **San Bras** y **San Esteba**.

É **San Bras**, ademáis de porque se dicía y einda hai xente veyá que lo diz, porque el grupo *br-* presente en semicultismos é el propio da fala da zona (*branco, brusa*) y einda se mantén na toponimia menor (*Ca Lena de Brasón*) y nos ditos (*Se vas a San Bras, que che cure a garganta*). Mesmamente, el escritor local Conrado Villar, nun artículo periodístico d'empezos d'esta centuria (*Castropol*, nº 134, 20–3–1909) fala del “Campo de San Bras”. El problema qu'atopamos hoi é qu'este grupo *br-*, pola presión del castellano, ta sendo substituído por *bl-* y as formas con *br-* teinse como mui arcaicas anque inda haxa muita xente mayor que las pronuncie asina. Se a esto ye xuntamos as implicacións sociolingüísticas por ser *Bras* el nome d'un santo (ei tán os casos de dúas parroquias occidentales qu'a xente chama de *San Juan* mentres qu'ás personas con ese nome chámanyes *Xuan* ou *Xan*), temos como resultado un topónimo tradicional *San Bras* que pode terse polos políticos como “malo d'aceptar”.

A forma tradicional del outro topónimo é **San Esteba**. Nun é sólo qu'a xente lo diga asina; é que, amáis, é un topónimo que recoyemos del mesmo xeito noutros conceyos da zona (Cuaña, Eilao). Temos que recordar tamén qu'a pérdida del *-n* final en palabras chas é mui común en gallego-asturiano: *dentame, virxe, Carme...* Al cabo, a cuestión é qu'a mayoría dos falantes nun son sabedores de que lo pronuncian d'ese xeito porque tán avezaos xa a vello escrito con *-n* y nunca se pararon a pensar en cómo lo dicen.

Al xestor municipal, que con toda a búa voluntá recuperou os topónimos “como los dicimos aquí”, tanto ye dá cómo s'axeitaron os semicultismos nel sistema llingüístico local ou que se perda el *-n* final nas palabras d'acentuación cha. Eso, dirá él, xa son carayadías pra os espertos. Pero, se son espertos os qu'amañan as conducións del auga, a recaudación ou a biblioteca del conceyo, ¿por qué nun fain falta espertos pra determinar cuáles son as formas correutas da toponimia local?

que ainda hai quen bota mao d'argumentos tan “sólidos” como esos —, el que se fai muitas veces é negar a existencia ou el autenticidad d'esas formas. El pior é que, ás máis das veces, esto faise por desconocer datos que tán ei y que tán bus de comprobar. Pra fer máis arrevesao el problema hai que fer notar que, condo alló polos anos oitenta s'empezou a recuperación del noso patrimonio toponímico, nun se recayeron dalgús d'esos datos —sía por falta de medios, sía por falta d'esperiencia dos encuestadores— y déronse pasos en falso na fixación dos nomes non sólo de lugares pequenos senón hasta de conceyos.

Nestas notas imos apurrir dalgús datos da zona del Navia–Eo que poden nun ser mui conocidos pero que seique van axudar a aclarar as formas tradicionais de dalgús topónimos.

### **Cuaña y Bual**

Cualquera persona del centro d'Asturias, al falar dos conceyos de Cuaña y Bual, pronuncia “Coaña” y “Boal” porque el única versión que conoz é a escrita nos documentos oficiales y a sintida nos medios de comunicación. El caso é que pra un falante del occidente decir “Coaña” ou “Boal” súa tan mal como decir “coál” nel canto de “cuál”.

El feito de querer recobrar as pronunciacións axeitadas á realidade falada nun é un capricho noso, resultao d'analizar el funcionamiento del espectrógrafo, cosa que xa en por si era abondo pra dar por léxítimas as formas **Cuaña** y **Bual**. É qu'as formas **Cuaña** y **Bual** foron as que s'usaron na documentación d'época moderna, aunque acabaron trunfando nel uso oficial as formas “Coaña” y “Boal”. Xa nel s. XIII se cita el primeiro d'estos dous topónimos nel *Llibro Rexistro de Courias* como “*Quanlia*” (55. v. A.). Nel XIV, na documentación da pola de Castropol, escríbese “*Quaña*” nun documento de 1377<sup>3</sup>. Nel s. XVI escríbese **Bual** en documentos de 1562 y 1566<sup>4</sup>. Acabando el s. XVII, nun protocolo notarial fecho en 1692, dizse: “...de los conzejos de bual y quaña...” y “...de las villas y concejos de Bual y quaña.”<sup>5</sup>. Máis cerca del noso tempo son abondas as publicacións actuales que dan fe d'estas pronunciacións<sup>6</sup>, pero a realidade falada ta clara sin falta de máis comprobacións. Así y todo, citaremos un informe toponímico

<sup>3</sup> “García Pico de Quaña...”. Ramona Pérez de Castro, *Los Señorios episcopales en Asturias: El régimen Jurídico de la Obispalía de Castropol*, Uviéu, 1987, p. 241,

<sup>4</sup> “García Alvarez de Bual”, “Por Bual Jacome...”. R. Pérez de Castro, *op. cit.*, pp. 267 y 277.

<sup>5</sup> Témosye qu'agradecer a D. Alfredo Álvarez que nos apurrira úa copia d'ese documento.

<sup>6</sup> Por exemplo, escríbese *Cuaña* en L. Castañón (*Diccionario Geográfico Popular de Asturias*, Uviéu, 1990, p. 143) ou en Ll. Castro Menéndez y X. A. González Riaño (“Dellos aspectos máxicos nel folklor de Villayón”, *Lletres Asturianas* 13, Uviéu, p. 55).

feito por Fernando Álvarez–Balbuena García prá Conseyería de Cultura en 1994<sup>7</sup>. Al falar del topónimo *Bual*, escribe: “Esisten dos variantes de pronunciación que la escritura nun pue reflexar separadamente: la monosilábica [bwál], sentida a 6 informantes, y la bisilábica [buál], que recoyí d’otros 6 informadores. L’**Atlas lingüístico de la Península Ibérica**, tomu I (CSIC, Madrid, 1962), dirixíu por Tomás Navarro Tomás, qu’incluyó Bual na so rede de puntos d’encuesta, trescribe la pronunciación popular d’esti topónimo como [buál]”. De *Cuaña*, escribe: “La única forma fónica recoyida foi la bisilábica [kwáɲa], sentida a siete informantes”.

Al cabo, el de Cuaña y Bual nun é un caso raro en Asturias porque temos topónimos como **Cuañana** (Quirós, Teberga) ou **Cuaya** (Grau), pero pinta que nun s’apricóu nel momento el mesmo criterio recuperador pra os topónimos d’estas dúas capitales, y al tempo conceyos, del Navia–Eo.

## Castripol

**Castripol** é un topónimo que nun é raro na toponimia asturllionesa. Sabemos d’úa terra que ye chaman **Castripol** nel Cuartu los Valles (Tineú)<sup>8</sup> y d’úas terras nun chao entre penas na Cuesta (Babia d’Arriba) que yes chaman **Los Castripolos**<sup>9</sup>.

**Castripol**, pra falar da villa occidental y del conceyo al que dá nome, é úa forma pouco conocida pra muita xente pero é a que pronunciaban y einda pronuncian os falantes de gallego–asturiano máis conservadores (en palabras de dalgús, “os que falan pior”). Nosotros constatámola ou sintímola pronunciar (con dalgúa variante como [kastrepól]) —xustificable pola probable neutralización das vocales palatales átonas en posición pretónica non inicial— tanto na rasa costeira al pé da Ría como nel interior (Mántaras y A Roda, en Tapia, Penzol, na Veiga, y As Figueiras, Sabugo, Vilavede, El Val d’Obanza y Leirío, en Castripol). El feito de qu’esa *-i-* de **Castripol** nun la vexan os falantes como úa característica definidora da fala como podan ser os diptongos decrecentes, a cayida del *-n-*, el fonema /ʃ/, etc., fexo qu’a forma **Castripol** sía considerada por muita xente como úa mala pronunciación y non como a forma correspondente na fala local al oficial “Castropol”.

El primeiro dato escrito que conocemos de **Castripol** atopámolo nel llibro en gallego–asturiano *Un feixe de tapiéadas*, publicao en 1922 pol escritor Conrado Villar Loza y nel qu’el

<sup>7</sup> Fernando Álvarez–Balbuena García, *Informe Toponímico pa la Fueya 26 (1:50.000) del Mapa Topográfico*, 1994.

<sup>8</sup> Manuel Menéndez García, *El Cuarto de los Valles (un habla del occidente asturiano)*, I, Uviéu, 1963, p. 168.

<sup>9</sup> Guzmán Álvarez, *El habla de Babia y Laciana*, Llión, 1985 (2ª edición), p. 138.

personaxe máis veyo usa a forma **Castripol**<sup>10</sup>. En 1927, nel libro *Parnaso Asturiano*, publícase úa poesía de José García Pelaez, máis conocido como *Pepín de Pría*, titulada “Cad’ un al so ñeru”<sup>11</sup> unde falan tres asturianos, ún del oriente, outro de Xixón y outro del extremo occidental. El occidental, arromendando úa especie de fala gallego–asturiana, usa dúas veces a forma **Castripol** pra falar d’ese conceyo<sup>12</sup>. Tamén s’escribe d’este xeito nun par de colaboracións en gallego–asturiano que se publicaron con pseudónimo en 1932 nel periódico castripoleño *El Aldeano*<sup>13</sup>.

## Taramunde

Volve ser éste un caso aparecido al de Cuaña y Bual, unde el desconocemento da realidá falada na zona lleva a qu’el investigador nun pense ou nun repare en que poda haber outra forma que nun súa a oficial “Taramundi”. É abondo con conocer a cualquier bon falante da zona pr’aforrar máis investigacións ou encuestas. A xente, agá sectores máis influidos pola fonética castellana, diz **Taramunde**. Nun podía ser d’outro xeito condo el sistema vocálico final del gallego–asturiano ten dous archifonemas, palatal (/E/) y velar (/O/), resultao da neutralización de /i/ y /e/ y de /u/ y /o/ respectivamente. A tendencia xeneral, tanto en Taramunde como na meirande parte del extremo occidental d’Asturias, é realizar /E/ como [e] y /O/ como [o]<sup>14</sup>. Einda máis, el falante de gallego–asturiano tende a pronunciar en [e] as terminacións en /i/ del castellano ou dos términos que provén d’outras llinguas nas que presentan *-i* final<sup>15</sup>.

Os topónimos **Mousende**, **Pormenande**, **Pilande**, **Vixande**, **Espasande**, que nun sufriron cambeos da vocal final na súa forma oficial, deixan clara cuál é a forma tradicional y correuta del topónimo extremooccidental.

<sup>10</sup> “Léveme, non, xúcaras, si non son esos músicos de Castripol...”, C. Villar, *Un feixe de tapiegadas, Pasillo n’un acto*, Castripol, 1922, p. 8.

<sup>11</sup> Volvéuse reeditar esta poesía núa edición actual a cargo de Xurde Blanco (Manuel Niembro & Pepín de Pría, *Cartas de bruxas/ Cartas de bruxes y otros poemas*, Academia de la Llingua Asturiana, Uviéu, 1995).

<sup>12</sup> “Nacín cerca de la Veiga/ y tamén de Castripol”, “¿quén lle podrá como poden/ falar os de Castripol?”, “Pra min elle Castripol.”. M. Niembro & Pepín de Pría, *op. cit.*, pp. 77 y 79. Anque a intervención del castripoleño, dende el punto de vista llingüístico, nun ten mui búa pinta —porque Pepín de Pría ta claro que nun dominaba el gallego–asturiano—, el feito de qu’use **Castripol** indica qu’era úa forma conocida y que caracterizaba ben úa imaxe “tópica” da fala occidental.

<sup>13</sup> “Xa sabes quen Castripol hay...”, en “Pral aldeano d’a praza y pral Tío Pepe”, *El Aldeano*, (30–1–32). “con intencións d’ir a Castripol”, en “El libro n’aldea”, *El Aldeano*, (15–9–32).

<sup>14</sup> Al cabo é ésta úa cuestión ortográfica, porque el xeito d’escribir un archifonema é convencional, pero se escribimos *este*, *chegache* ou *Mousende* nun ten xeito escribir *Taramundi*.

<sup>15</sup> Nun é raro sentir cousas como “*ingresáronlo na UVE*” ou “*llevaba posto un nique de rayas*”.

A documentación moderna da pola de Castripol tamén nos brinda testimonios da forma escrita **Taramunde**, concretamente nos anos 1560, 1562 y 1566<sup>16</sup>. Máis cerca d’hoi, Alejandro Sela, escritor que, alló polos empezos dos anos trenta, escribía en gallego–asturiano, usa a forma **Taramunde** nos seus artigos periodísticos<sup>17</sup>. En conto a outros datos máis actuais, nun informe toponímico feito por Marta Lastra Veiguela prá Conseyería de Cultura en 1988<sup>18</sup> dízse: “Los informantes encuestados creen decir Taramundi, pero la mayoría de las veces dicen “Taramunde”; la pronunciación es una [e], tal vez porque en esta zona occidental no es frecuente encontrar una /i/ final, sino que lo normal es una /e/”.

### Castriyón, Castrabaseye, Orbeye, Romeye, Vilavedeye

Antias de falar d’estos topónimos convén aclarar a cuestión del chamao “yeísmo hestórico” en búa parte del territorio de fala gallego–asturiana, asunto nel que xa entramos noutras ocasións<sup>19</sup> pero que ta ben recordar.

Nas terras del Navia–Eo pódense estremer dúas zonas se temos en conta cómo foi a solución dos grupos llatinos *-lj-*, *-k’l-*, *-t’l-*, *-g’l-* y *-llj-*. Úa zona deu como resultao úa fricativa palatal sonora /j/ —igual qu’el asturiano— y outra deu como resultao úa palatal lateral /l/ —igual qu’el gallego—.

Frente a dalgúas opinións de xente pouco conocedora da fala da zona ou con dificultades perceptivas, de que toda [j] nel Navia–Eo ten que representarse con –ll– por considerallo fenómeno de yeísmo moderno<sup>20</sup>, ta a realidá búa de comprobar en cualquier bon falante. A realidá é qu’hai úa zona nel occidente (aproximadamente San Tiso d’Abres, as parroquias veigueñas d’Abres y Guiar, Taramunde, a mayor parte dos Ozcos, Ibias y nun sabemos qué parte de Grandas

<sup>16</sup> “Por Taramunde Pedro Garcia de Abraido”, “E por el partido de Taramunde...”, “Fernan González de Miranda de Taramunde”, “E por el partido de la Vega e Taramunde”, etc. R. Pérez de Castro, *op. cit.*, pp. 265, 267, 271, 273, 274, 277.

<sup>17</sup> “...un parente que tía en Taramunde...”, en “Cuento”, *El Aldeano*, (30–10–31).

<sup>18</sup> Marta Lastra Veiguela, *Trabajo de encuestación toponímica sobre la zona Oscos–Eo*, 1988.

<sup>19</sup> X. M. Suárez Fernández, *Conceyu de Tapia. Parroquia de Tapia*, Col. Toponimia, Academia de la Llingua Asturiana, Uviéu, 1991, p. 5 y p. 24, nota 6; X. M. Suárez Fernández, *Vocabulario de Mántaras (Tapia). Aportacións al léxico del galego–asturiano*, A Caridá, 1995, p. 14.

<sup>20</sup> “Dos grupos latinos –Ll– (MULIEREM > *muller*, FOLIAM > *folia*, ALLIUM > *allo*). –C’L– (AURICULAM > *orella*, OVICULAM > *ovella*), e G’L– (REGULAM > *rella*, TEGULAM > *tella*), el resultado foi [l] (palatal lateral sonora). Hoxe en día, cada vez con máis frecuencia e con muita máis intensidade na xente nova, este son deslateralizase pasando a [y].

Algú escritores locais dan constancia gráfica deste fenómeno. Con todo, convén utilizarmos el dígrafo ll e non admitirmos el “yeísmo” na escrita. Escribiremos, polo tanto: *fillo, traballo, ollo, palla, mallar, mollar, muller, abella...*” (*Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias*, Mesa prá defensa del galego de Asturias e da cultura da comarca, A Coruña, 1990, p. 8).

de Salime) que diz *carballo*, *traballar*, *coller*. Hai outra zona nel oriente (El Franco, Cuaña, Bual —agá os llugares da Baxada y A Brañavara—, a parte de Navia y Villayón que fala gallego–asturiano, as parroquias ayandesas de Bustantigo, Llago, Santa Colomba, Santo Miyao y Berducedo, as parroquias tapiegas de Campos y Salave y El Monte, as parroquias d’Eilao al este del Navia y del regueiro de Cachafol, a parroquia grandalesa da Mesa y os llugares de Candosa, Llagar y As Murolas —hoi deshabitao— nel conceyo de Castripol) que diz *carbayo*, *trabayar*, *coyer* pero diz *lobo*, *aquella*, *llevar*. É, por tanto, imposible falar de yeísmo moderno núa persona qu’estrema a pronunciación de “tayar” y “tallar”, de “esfoyar” y “esfollar”.

El resto del territorio del Navia–Eo, al norte y nel centro (as partes non mencionadas de Tapia, Castripol, A Veiga, Eilao, Ayande, el conceyo de Pezós y quizabes parte de Grandas), diz *lobo*, *aquella*, *levar* pero *carbayo*, *trabayar*, *coyer*. Nun se pode falar de yeísmo moderno porque, a lo menos os falantes veyos, pronuncian con /l/ dalgúas palabras d’orixe alóctona (*botella*, *manilla*, *parrilla*, *artilleiro*...) chegando a estremar significaos por causa da oposición /l̥/: *tallar* (“dibuxar a madera”)/ *tayar* (“cortar”)<sup>21</sup>.

---

<sup>21</sup> Temos ben comprobada esta distinción /l̥/ (na zona de resultaos tipo *carbayo*, *lobo*) en abondos puntos da *Marina* (Mántaras, Tapia, Serantes —todos ellos del conceyo de Tapia—, Barres, Viyadún, As Figueiras, Vilavedeye, Siares —del conceyo de Castripol—) y da *Montaña* (Busdemouros, Penaturmil —entrambos de Vilanova d’Ozcos— y Zreixido —A Veiga—). Trabayos d’encuestación feitos na zona por Iván Huerga Antuña confirman esos datos y apurren tamén información idéntica de Silvareye (Eilao).

Os datos bibliográficos, así y todo, son de muitas menas. El máis antigo, de 1886 y polo tanto ben interesante, é el que nos apurre el filólogo sueco Åke W:son Munte sobre a fala de Pezós: “...se tiene la forma y: *güeyu*, *oreya*, *vieyu*, *muyer*, etc., una forma que también alcanza el occidente junto a Navia (Pesoz: *oyo*, *oreya*, *muyer*)” (*Anteckningar om Folkmälet i en trakt af vestra Asturien*, Upsala, 1887. Consultamos a edición en castellano *Anotaciones sobre el habla popular de una zona del occidente de Asturias*, Uviéu, 1987, p. 35). Manuel Menéndez García (*El Cuarto de los Valles (Un habla del occidente asturiano)*, Uviéu, 1963, p. 148), citando a Acevedo Huelves y a García de Diego fala de qu’a y chega hasta a ribeira del Eo dende el este y pol sur el *ll* chega dende el oeste hasta Valdebóis y Vilarmeirín, en Ibias. Xa Acevedo Huelves y Fernández Fernández, nel sou *Vocabulario del bable de occidente* (Madrid, 1932), con léxico del gallego–asturiano recoyido nas primeiras décadas d’esta centuria, estremar as formas xenerales con y das formas correspondentes con *ll* nos “concejos de la montaña de la ribera del Eo”. Outras veces usan a fórmula “en los concejos de Vegadeo, San Tirso y Taramundi”.

A tesis doctoral de José Antonio Fernández Vior sobre a fala da Veiga (en prensa) deixa clara a fronteira y/ll nese conceyo, quedando dentro da zona de *ll* as parroquias d’Abres y Guiar. Os datos dos conceyos d’Ayande y Eilao (Celso Muñiz, *El habla del Valledor. Estudio descriptivo del gallego asturiano de Allande (Asturias–España)*, Amsterdam, 1978 y José Carlos Álvarez Blanco, *El habla del concejo de Illano*, memoria de llicenciatura inédita, Facultad de Filoloxía, Universidad d’Uviéu) son claros sobre a pronunciación con /l̥/ de palabras como *muyer*, *trabayar*. El que nun concuaya col que tamos espoñendo é que, tanto os datos que nos brindan as monografías da Veiga como as d’Ayande y Eilao, rexistran tamén a pronunciación con /l̥/ nos empréstanos con /l/ na llingua d’orixe. Vistos os datos de campo recoyidos por nosoutros y outros dos que podemos ter conocencia, y tendo presente que tán recoyidos nesos mesmos conceyos ou en sitios de características llingüísticas ermás, habería que tratar con precaución os datos ofrecidos nestos tres trabayos en conto á cuestión que tamos tratando, sobre todo tendo en conta qu’ás veces el yeísmo dos escudatadores pode condicionar el resultaio da encuesta. Se non, resulta pra nosoutros inesplicable, por exemplo, qu’Alipio Hernández (“Algunas características del habla de As Figueiras”, *Estudios y trabayos del Seminariu de Llingua Asturiana*, II, Uviéu, 1980, p. 124) atese al falar del consonantismo da fala figueirola qu’hai úa “carencia por yeísmo del fonema palatal lateral /l̥/”.

Despóis del qu’acabamos de comentar nun fai falta volver alló sobre a fiabilidade das pronunciacións con [j] recoyidas —na segunda das zonas descritas— de bus informadores locais nas formas **Castriyón** (Bual), **Castrabaseye** (Tapia), **Orbey** —convivindo con **Orbaeye**— (Cuaña) y **Romeye** (El Franco), nel canto das oficiais con “ll” (“Castrillón”, “Castrovaselle”, “Orbaelle” y “Romaelle”). Os informadores sempre dicen al investigador cousas como “nel lle-treiro trailo así pero nosoutros dicímolo del outro xeito”.

É tamén el caso de lugares como **Vilavedeye** (Castripol), na terceira das zonas descritas. Allí recoyemos en tres informadores de máis de 60 anos a mesma idea clara de cuál era a forma oficial (*Vilavedelle*, pronunciaio con [l]) y cuál a que dicían os habitantes del lugar (*Vilavedeye*, pronunciaio con [j]).

## Viyadún


Viyadún é un lugar del conceyo de Castripol que, pola súa forma oficial “Villadún”, fai pensar nun continuador del llatín *uillam*. Como na fala d’allí el resultaio de *l-* y *-ll-* llatinas é *l-* y *-l-* (*lobo*, *aquela*), sorprendíanos el feito de nun atopar a esperable forma “Viladún”. Máis sorpresos nos deixaba ver “Viladún” como forma asturiana correspondente al oficial “Villadún” nas publicacións que, en teoría, bebían das investigacións y dos trabayos de campo recuperadores da toponimia tradicional. Hai que sacar en consecuencia, enton-cias, qu’esa pretendida forma “Viladún” ten que ser un “esceso” dos encuestadores, deses-peraos por nun poder convencer al informador de turno de qu’a forma tradicional tía que ser con *-l-*.

Máis andadeiro é outro camín interpretativo se reparamos en qu’a xente pronunciá Viyadún con [j] y en que, según a documentación antiga, ta claro qu’houbo un caso de metátesis da palatal y da dental. Conócense referencias escritas al llargo dos s. XIII y XIV unde a forma é as máis das veces “Vidallún” (con *-ll-*, como é avezaio na documentación d’esa época pra representar tanto os resultaos de *-lj-*, *-k’l-*, *-t’l-*, *-g’l-* y *-llj-* como os de *-ll-*)<sup>22</sup>.

---

<sup>22</sup> “Suer perez de Vidallon” (1229, xeneiro 19, copia 19–setembre 1304, A.C.O., Serie A, Carp. 12 n° 1), “mortuorio de Vidallún” (1307, copia de 1355, xuno 26, A.C.O., *Libro de los Privilegios*, fols. 24 v.º–29 v.º), “Iohán Gonçales de Vidallun”, “Suer Perez de Vidallun” (1313, abril 30, A.C.O., *Libro de los Privilegios*, fols. 161 r.º–162 v.º).





## Tapia

Sin duda é por causa del importancia turística d’esta villa costeira polo que muita xente co-  
noz el nome de “Tapia de Casariego”. Y a verdá é qu’hai xente que pensa que ter un nome tan  
llargo y con apellido incluído dá máis importancia a un sito.

A realidá é qu’este nome é úa invención moderna de Fermín Canella, concretamente de  
1907, fechas nas qu’era Cronista oficial d’Asturias. El Instituto Xeográfico y Estadístico de  
Madrid pidíraye á Diputación Provincial que mirara de poñerye un apellido a Tapia porque ha-  
bía outras Tapias en España y podíanse confundir<sup>23</sup>. A Diputación dirixíuse a Fermín Canella  
y éste discurríu lo de “de Casariego” pra fer homenaxe al Marqués de Casariego, comerciante  
que fexo cuartos y título nobiliario na capital del reino y que foi el impulsor del desarrollo da  
súa villa natal. Non sólo ye fixeron úa estatua senón que tamén ye ameceron al nome da villa  
y conceyo el nome del sou marquesao. Pra máis destrozo toponímico, el nome de “Marqués de  
Casariego” vén del llugar de **Casarego**, al sur de Tapia. Anos despóis, el 9-7-1916, nun acta  
del Conceyo, a Corporación dase por enterada que “por Real decreto de 27 de junio último y,  
á propuesta de la Real Sociedad Geográfica, ha sido cambiada la denominación de este Ayun-  
tamiento, que en lo sucesivo se designará con el nombre «Tapia de Casariego»<sup>24</sup>.

Como é natural, a xente sigue usando —tanto pral conceyo como prá villa— el nome de **Ta-  
pia** a secas anque, ás veces, núa venatada d’orgullo turístico se ye ameza lo de “de Casariego”.

## Mouguías

A forma oficial “Mohías” veu sendo substituída nos llistaos de toponimia asturiana ‘recupe-  
rada’ pola forma “Moías”, pero a recuperación del toponimo tradicional nun é sólo úa cuestión  
gráfica.

Hoi en día el máis común é qu’a xente diga **Muías** alternando dúas pronunciacións, como  
pasaba con **Bual**: bisilábica [mwías] y trisilábica [muías]. Xa nel s. XVI, tamén na documen-  
tación da pola de Castripol, s’escribe “Muias”<sup>25</sup>. Temos un dato escrito qu’atestigua esta in-

<sup>23</sup> *Castropol*, nº 72 (10-7-1907).

<sup>24</sup> Como ben apunta el estudioso tapiego Diego Fernández Méndez, al que teño qu’estimar que m’apurria úa copia del acta,  
el cambeo toponímico “oficial” namáis fala del conceyo pero del nome da villa nun diz miga. Poderíase entender, entoncias, qu’a  
villa sigue chamándose **Tapia**.

<sup>25</sup> “en la de Muias...”. R. Pérez de Castro, *op. cit.*, p. 268,

formación nun obra d'un emigrante franquín que xa nos anos vinte escribe “Muhías”<sup>26</sup>. Así y todo, sabemos qu'a forma que se ten como propia dos máis veyos é **Mouguías**, según datos recoidos nel propio lugar y sitios achegaos del conceyo de Cuaña. A convivencia desequilibrada de **Mouguías** y **Muías** a favor del última forma é un caso aparecido a os resultaos mayoritarios nel gallego–asturiano da zona del llatín *audire* (*ouguír* y *uír*), sendo a primeira forma a qu'usan os miyores y máis veyos falantes y a segunda, *uír*, a que se ta imponendo na fala máis acastellanada dos novos.

### **El Porto**

Nun é éste un caso de topónimo tradicional col roupaxe fonético del castellano, senón que tamos falando de dúas denominacións distintas dafeito: a forma oficial “Viavélez” y a popular *El Porto*. É abondo con dicir qu'a os habitantes d'ese lugar del conceyo del Franco chaman yes, ademáis de *pixotos* por ser sito marineiro, *portexos*. Nun sabemos cuál poda ser a orixe d'esa forma “Viavélez” pero a realidá é qu'a xente da zona (El Franco, Tapia, Cuaña), pra referirse a esa población, usa el topónimo **El Porto**. Confírmalo el dato que nos apurre a monografía da fala del Franco condo diz: “*Viavélez, El Pòrto* para los naturales”<sup>27</sup>. A forma oficial tense por ser a forma “fina” pero resulta mui artificial pra os naturales d'allí que nun s'avergonzan da súa fala.

Acabo como empezaba. Ei tán os datos. É agora el momento dos que teñan que fer política normalizadora na toponimia asturiana pra que decidan se recuperan todo ou sólo parte; se consagran todas as formas tidas como tradicionales ou sólo aquellas que nun sían “raras” y nun fagan rebinxar el focico a ouguidos pouco avezaos.

---

<sup>26</sup> Ventura Pérez Suárez, *Seis meses en la gloria. Recuerdos de un viaje por la tierrina*, México, 1920, p. 20.

<sup>27</sup> J. García García, *El habla de El Franco (una variante lingüística del Occidente de Asturias)*, Mieres, 1983, p. 14.